B36300564	VIVEIROS ADOA, S.L.	112002	1710 22109	Subministro plantas para xardíns	1.597,05
B36746584	XESTION AMBIENTAL CONTRATAS	19/08	1550 61900	Colocación barreira seguridade na Masandía	3.430,78

SUMA TOTAL

993.172,53

(importe bruto total = 993.172,53 + 3.051,55 = 996.224,08)

4º.- MOCIÓN DA PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA DE VIGO SOBRE TRAMITACIÓN E DELIMITACIÓN DE ESPAZOS E USOS PORTUARIOS DO PORTO DE VIGO.

O Sr. Regueira, Presidente da Plataforma, sinala que a proposta é coñecida por todos. Xa falamos na Comisión Informativa de Servizos, fixéronse corrección de algúns aspectos. Dende a Plataforma Pola Defensa da Ría de Vigo “CÍES”. Dende a Plataforma solo pretendemos o incremento da produtividade da ría, xeradora de milleiros de postos de traballo, o que leva consigo a recuperación de zonas degradadas, pero tamén que nas distintas actividades industriais se cumpra coa normativa medio ambiental. Que se respete o medio ambiente e non se degraden ou eliminen zonas de produción marisqueira e pesqueira. Que se faga un uso sustentable dos recursos e potencialidades da ría e a súa contorna. Que se compatibilicen os distintos sectores. Que os cidadáns sintan que as distintas actividades e servizos son efectivamente útiles á sociedade e cumpren as expectativas xeradas. Sen extenderse moito, voi ler os puntos que se someten a aprobación na moción:

- a) Os espazos gañados ao mar polo porto de Vigo estean destinada exclusivamente a aquelas actividades que necesariamente precisen do mar, transporte de mercadorías e viaxeiros por vía marítima, construción naval e depósito de mercadorías en tránsito.
- b) En ningún caso se deben levar a cabo actuacións para converter os espazos gañados ao mar en polígonos industriais. É evidente que o espazo portuario debe ter unhas boas comunicacións, por estrada e camiño de ferro, con polígonos industriais no interior do territorio, (Plisan, cidade do frío, etc.), será necesario pois que se contemple e programe a continuación do túnel desde o Berbés a Bouzas, así como o camiño de ferro en todo o espazo portuario.
- c) Desafectación do tramo de costa desde o punto 769 (situado na Punta do Castelo) ao punto 766 (parte OE do areal do Regueiriño) da Z.M.T do deslinde T. M. de Vilaboa a T.M Cangas. Zona inserida no espazo protexido LIC, Enseada de San Simón. Onde ademais do areal do Regueiriño, zona de pesca, marisqueo, polígonos mexilloeiros, pecios da batalla de Rande, restos arqueolóxicos e unha forte dinámica litoral. É unha zona de forte pendente, canteira e escaso terreo terrestre o que fai a zona de nulo interese portuario.
- d) Desafectación do tramo de costa desde o punto 735, parte Este do areal do Mouro, ao punto 711, comezo da praia da Queixeira, da Z.M.T do deslinde do T.M. de Vilaboa a T.M Cangas. Zona inserida no espazo protexido LIC, Enseada de San Simón, onde ademais existen zona de pesca, marisqueo, polígonos mexilloeiros, os areais de O Mouro, areal do Castaño e comezo do areal da Queixeira e forte dinámica litoral. A zona terrestre é moi escasa e está ocupada por un paseo peonil e miradoiro veciñal. Manifestar ademais, que na zona non existe, nin existiu nunca, actividade de estaleiro algún.
- e) Desafectación do tramo de costa na zona de a Borna, desde o punto 540 ao 536 da Z.M.T do deslinde do T.M. de Vilaboa a T.M Cangas. Na que se inclúe zona de praias, zona de pesca, marisqueo e forte dinámica litoral. Manifestar así mesmo que nesta zona non existe espazo terrestre algún, dado que limitando co cantil xa está a estrada de acceso ao lugar do Latón.

f) Desafectación do tramo de costa no Areal do Latón, desde o punto 513 ao 510 da Z.M.T do deslinde do T.M. de Vilaboa a T.M Cangas. Na que se inclúe zona de pesca, marisqueo, patrimonio popular (lavadoiro veciñal e areal do Latón).

g) Desafectación do tramo de costa no Areal do Cocho, desde o punto 417 ao 396 da Z.M.T do deslinde do T.M. de Vilaboa a T.M Cangas. Na que se inclúe zona de marisqueo e praias.

h) Mostramos a nosa oposición a que se poidan construír edificacións nos espazos gañados á lámina de auga e pedimos que as concesións existentes, chegada a data de caducidade non sexan anovadas e polo tanto trasladadas ditas edificacións a polígonos no interior do territorio.

i) Establecer o punto de atraque do transporte de viaxeiros de ría, (Vigo-Moaña-Cangas, etc.) na dársena nº 2, cantil Norte, cunhas características axeitadas e inmellorables para establecer unha estación nodal, (transporte de viaxeiro terra mar, xa que logo na zona, (20-30 metros), están ubicadas as paradas do transporte colectivo urbano e taxis. Ten unhas condicións de abrigo idóneas e o acceso peonil á zona centro pola pasarela do Centro comercial de A Laxe, nas mellores condición de seguridade e rapidez para os peóns.

Finalmente, o Sr. Regueira engade que se propón a corrección da toponimia dentro do termo municipal. Aparecen nomes ou zonas que non corresponden a Moaña e outras que correspondendo a Moaña están mal situadas.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, agradece a contribución da Plataforma. En primeiro lugar, por encher de contido este Pleno, por parte do Goberno nada de nada. En segundo lugar agradecerlle por recuperar o espírito de consenso que sempre se mantivo neste Concello neste tema. Na anterior proposta se mantiveran unha serie de reunións cos colectivos afectados para consensuar unha proposta. Logo foi trasladada a Comisión onde obtivo o respaldo de todos os Grupos. Isto non sucedeu agora, pero a Plataforma afortunadamente emendou ese erro do Grupo de Goberno, que presentou unha alegación onde non quedaba fixada a posición deste Concello, agora fixao a Plataforma. Dentro da proposta global quedaban unha serie de pequenos tramos: O tramo que recolle o areal do Mouro, o tramo que recolle unha parte do areal da Borna, o tramo do Latón e o tramo do Cocho, que quedaban supeditados ao interese particular de propietarios lindantes ou dos propietarios que teñen algunha industria anexa, para que no futuro puidesen seguir ampliando as súas instalacións en detrimento dos intereses dos veciños de Moaña. A última consideración que teño que facer é que non solo o Grupo de Goberno non é capaz de tomar a iniciativa neste tema senón que ademais atopamos ca sorpresa de que tivemos que repetir a proposta en dúas Comisións e na segunda nen siquera tiñan estudado o expediente. Aportación lamentable, en cambio é importante é a aportación da Plataforma, que recupera o consenso na defensa dos lexítimos intereses dos veciños de Moaña.

O Sr. Pastoriza sinala que con ocasión do momento no que se acordou o texto da moción xa amosaron a súa satisfacción pola introdución da moción e dos acordos que plantexaba. É difícil de entender hoxe, como moañés, que a Autoridade Portuaria de Vigo teña competencias en zonas do noso territorio, zonas onde no seu día fixo o que quixo, canteiras e pouco máis, que usan para atrancar e non deixar facer ao Concello de Moaña, neste caso. Debe de ser catorce ou quince vez que se intenta por parte do Porto de Vigo facer o Plan de usos. O Porto de Vigo é un dos poucos de España que se pasa polo forro esa lexislación porque ten o mellor plan, que é non telo, o Presidente fai o que lle ven en gaña. Non ten planeamento, ningún documento, fai o que lle da a gaña. Raro que esta nova Presidencia trate de poñer iso en orde, cando o Porto de Vigo ven usándose, con outras administracións, como

territorio de combate entre partidos. Incrible que a Autoridade Portuaria de Vigo, o Alcalde de Vigo sexa capaz de sacar isto adiante. Un comentario, falamos de retirar as referencias ao resto dos concellos da ría e falamos de pedir que se melloren as condicións de atraque dos barcos de ría de Moaña en Vigo. Seguramente non sexa a mellor das solucións agora, non sei se tedes algún tipo de acordo que xustifique o punto de amarre que propoñedes. No seu momento houbo algunha idea de poñelo dentro das artes de pesca. A maiores o problema nesa área de cruceros. En calquera caso estará consensuado, non imos poñer ningún atranco.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de actividade económica, sinala que por parte do PP non se van opoñer a aprobación da moción, posto que xa foi consensuado en Comisión. Pero respecto ao afirmado polo Sr. Rodas, é incerto, hai que dicir que por parte do Grupo do Goberno o 25 de maio levouse á Xunta de Goberno para poder remitir á Autoridade Portuaria de Vigo unha modificación ao texto que nos enviaran. Este Goberno non se desentende do que sucede na ría de Vigo.

O Sr. Rodas afirma que a alegación que presenta o Concello fala solo de unha pequena zona que afecta ao Mouro e un tramo que afecta ao Cocho. En cambio na moción que presenta a Plataforma deixa claro todo a zona de Moaña e amplía a alegación.

A Sra. Maya afirma que o Sr. Rodas contradise. Dixo que por esta parte non nos interesabamos en presentar ningunha modificación e aí si que se participou.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a a votación a moción da Plataforma pola defensa da ría de Vigo sobre tramitación e delimitación de espazos e usos portuarios do Porto de Vigo, quedando aprobada por unanimidade dos Concelleiros presentes co seguinte texto e acordos:

“SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MOAÑA

Serxio Regueira Gómez, DNI nº 35 931 585-L, con domicilio ós efectos de notificación en Palmas 56A 1º, CP 36957, Moaña en calidade de presidente da Plataforma Pola Defensa da Ría de Vigo “CÍES”, con domicilio social en R/ do Pazo nº 2, Bouzas, Vigo

EXPÓN

Introducidas as modificacións de consenso coa participación de todos os grupos da corporación acadadas na Comisión de Servizos, celebrada no salón de Plenos do Concello o día 20 de xuño, presentamos o texto reducido da **MOCIÓN** ao Pleno e remisión posterior, dentro do prazo establecido na exposición pública, ao Sr. Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo:

Publicado no DOG nº 93 do 16 de maio de 2.012 o acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo celebrado o día 11 de maio de 2.012 no que acordou, de conformidade co artigo 69.4b) do Real Decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante, mediante o cal da comenzo o trámite de información pública polo prazo de 45 días, a tramitación da delimitación dos espazos e usos portuarios do Porto de Vigo.:

Introdución

O medio mariño é un patrimonio moi valioso que ten que ser protexido, conservado e, cando sexa viable, rehabilitado, co obxectivo final de manter a biodiversidade e preservar a diversidade e o dinamismo duns océanos e mares que sexan limpos, sans e produtivos. A ese respecto, a DIRECTIVA 2008/56/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E O CONSELLO de 17 de xuño de 2008 pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña) que debe, entre outras cousas, promover a integración das consideracións ambientais en todas as políticas pertinentes e proporcionar o alicerce ambiental para a futura política marítima da Unión Europea.

A Lei 41/2010, de 29 de decembro, de protección do medio mariño recolle a necesidade do mantemento dunha calidade axeitada do medio mariño.

O Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, recolle no seu articulado os seguintes referidos a temas ambientais:

Artigo 44 a posibilidade da desafectación de bens de dominio público, que resulten innecesarios para o cumprimento de fins deste carácter, e estean adscritos ás Autoridades Portuarias. No artigo 113, relativo aos servizos portuarios, pregos de prescricións particulares dos servizos portuarios, contempla as obrigacións de protección ambiental e de contribución á sustentabilidade. Así mesmo contempla a posibilidade de bonificacións das taxas de actividade e utilización, no artigo 245, no que se recolle a necesidade de incentivar mellores prácticas ambientais.

A Ría de Vigo, ademais de ser un enclave xeográfico historicamente utilizado como abrigo natural para o tráfico marítimo, é un espazo de alta biodiversidade e produción biolóxica, o que ocasiona moita produtividade pesqueira, marisqueira, e así mesmo de grande incidencia turística, actividades que xeran unha grande aportación ao Produto Interior Bruto e miles de postos de traballo directos ou indirectos. Polas súas características é un espazo moi sensible á contaminación ou degradación do espazo físico, razón pola que é preciso ser moi rigoroso no deseño de propostas, proxectos ou actuacións que poidan poñer en risco o uso e explotación sostible do medio e as actividades extractivas mariñas artesanais, recentemente recoñecidas pola Política Pesqueira Comunitaria, como unha base fundamental das comunidades pesqueiras europeas, como é o caso do litoral de Galicia.

Entre os valores ambientais e patrimoniais conta con:

Zonas de protección ambiental enmarcadas na Rede Natura 2000, ben como Lugares de Interese especial ou como Zonas de Interese Especial Protección para as Aves, entre os que destaca o Parque Nacional das Illas Atlánticas que conta coas Illas Cíes como enclave privilexiado.

Espazos protexidos litorais e mariños en Galicia

Código		Denominación	Pr	ha
ES0000001	LIC	Illas Cíes	Po	990
ES0000001	ZEPA	Illas Cíes	Po	990
ES1140003	LIC	A Ramallosa	Po	92
ES1140010	LIC	Costa da Vela	Po	1.419,00

ES1140012	LIC	Illas Estelas	Po	725
ES1140016	LIC	Enseada de San Simón	Po	2.218,00

A Ría de Vigo tamén está incluída na proposta de IBAs mariñas, para a protección das aves, no relativo á área ES402 que engloba a contorna das Rías Baixas, en cumprimento da Directiva Aves (79/409/EEC).

Conta ademais coa presenza de especies mariñas incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e no Real Decreto 139/2011, 2011, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas. Que ten por obxecto desenvolver algúns dos contidos dos Capítulos I e II do Título III da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, entre os que se atopan as características e contido das estratexias de conservación de especies do Catálogo e de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade. Inclúe as especies de cetáceos que están presentes na Ría de Vigo, contemplando o relativo ás estratexias de conservación de especies ameazadas e de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade, do mesmo xeito estas especies están recollidas no Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.

A Ría de Vigo presenta importantes exemplos do patrimonio cultural, quer xacementos arqueolóxicos, quer pecios da batalla de Rande e outros afundimentos, etc; así como construcións patrimoniais industriais de carácter histórico.

É preciso pois que a programación do porto de Vigo estea destinada exclusivamente a aquelas actividades que necesariamente precisen do mar, transporte de mercadorías e viaxeiros por vía marítima, construción naval e depósito de mercadorías en tránsito.

En ningún caso se deben levar a cabo actuacións para converter os espazos gañados ao mar en polígonos industriais. É evidente que o espazo portuario debe ter unhas boas comunicacións, por estrada e camiño de ferro, con polígonos industriais no interior do territorio, (Plisan, cidade do frío, etc.)

A tal efecto e unha vez analizada a documentación, presentamos estas alegacións proponendo as seguintes modificacións para a súa inclusión. Así mesmo queremos manifestar a nosa desconformidade con topónimos de lugares na costa que dan lugar a graves erros de localización.

É por iso que esta entidade solicita a ampliación das zonas de desafectación que xa figuran na proposta da Autoridade Portuaria, en cumprimento da normativa de protección ambiental vixente e como salvagarda dos requirimentos da Rede Natura.

E polo que SOLICITAMOS, a inclusión na proposta de Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios do Porto de Vigo, as seguintes alegacións:

- a) Os espazos gañados ao mar polo porto de Vigo estean destinada exclusivamente a aquelas actividades que necesariamente precisen do mar, transporte de mercadorías e viaxeiros por vía marítima, construción naval e depósito de mercadorías en tránsito.
- b) En ningún caso se deben levar a cabo actuacións para converter os espazos gañados ao mar en polígonos industriais. É evidente que o espazo portuario debe ter unhas boas comunicacións, por estrada e camiño de ferro, con polígonos industriais no interior do territorio, (Plisan, cidade do frío, etc.), será necesario pois que se contemple e programe a continuación do túnel desde o Berbés a Bouzas, así como o camiño de ferro en todo o espazo portuario.
- c) Desafectación do tramo de costa desde o punto 769 (situado na Punta do Castelo) ao punto 766 (parte OE do areal do Regueiriño) da Z.M.T do deslinde T. M. de Vilaboa a T.M Cangas. Zona inserida no espazo protexido LIC, Enseada de San Simón. Onde ademais do areal do Regueiriño, zona de pesca, marisqueo, polígonos mexilloeiros, pecios da batalla de Rande, restos arqueolóxicos e unha forte dinámica litoral. É unha zona de forte pendente, canteira e escaso terreo terrestre o que fai a zona de nulo interese portuario.
- d) Desafectación do tramo de costa desde o punto 735, parte Este do areal do Mouro, ao punto 711, comezo da praia da Queixeira, da Z.M.T do deslinde do T.M. de Vilaboa a T.M Cangas. Zona inserida no espazo protexido LIC, Enseada de San Simón, onde ademais existen zona de pesca, marisqueo, polígonos mexilloeiros, os areais de O Mouro, areal do Castaño e comezo do areal da Queixeira e forte dinámica litoral. A zona terrestre é moi escasa e está ocupada por un paseo peonil e miradoiro veciñal. Manifestar ademais, que na zona non existe, nin existiu nunca, actividade de estaleiro algún.
- e) Desafectación do tramo de costa na zona de a Borna, desde o punto 540 ao 536 da Z.M.T do deslinde do T.M. de Vilaboa a T.M Cangas. Na que se inclúe zona de praias, zona de pesca, marisqueo e forte dinámica litoral. Manifestar así mesmo que nesta zona non existe espazo terrestre algún, dado que limitando co cantil xa está a estrada de acceso ao lugar do Latón.
- f) Desafectación do tramo de costa no Areal do Latón, desde o punto 513 ao 510 da Z.M.T do deslinde do T.M. de Vilaboa a T.M Cangas. Na que se inclúe zona de pesca, marisqueo, patrimonio popular (lavadoiro veciñal e areal do Latón).
- g) Desafectación do tramo de costa no Areal do Cocho, desde o punto 417 ao 396 da Z.M.T do deslinde do T.M. de Vilaboa a T.M Cangas. Na que se inclúe zona de marisqueo e praias.
- h) Mostramos a nosa oposición a que se poidan construír edificacións nos espazos gañados á lámina de auga e pedimos que as concesións existentes, chegada a data de caducidade non sexan anovadas e polo tanto trasladadas ditas edificacións a polígonos no interior do territorio.
- i) Establecer o punto de atraque do transporte de viaxeiros de ría, (Vigo-Moaña-Cangas, etc.) na dársena nº 2, cantil Norte, cunhas características axeitadas e inmellorables para establecer

unha estación nodal, (transporte de viaxeiro terra mar, xa que logo na zona, (20-30 metros), están ubicadas as paradas do transporte colectivo urbano e taxis. Ten unhas condicións de abrigo idóneas e o acceso peonil á zona centro pola pasarela do Centro comercial de A Laxe, nas mellores condición de seguridade e rapidez para os peóns.

j) Corrección da toponimia:

Dado que a Lei 3/1983 de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, facéndose eco do establecido no art. 3 da Constitución e no art. 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, no que se refire ao campo da normalización lingüística e respecto ós topónimos, no seu artigo 10.1, indica que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial o galego.

Así mesmo queremos manifestar a nosa desconformidade con topónimos de lugares na costa que dan lugar a graves erros de localización, polo que propoñemos, entre outras as seguintes modificacións:

Substituír a denominación de Punta de San Adrián, que figura na proposta da Autoridade Portuaria, por Punta do Aradoiro.

Substituír a denominación de Punta do Aradoiro, (que figura na proposta da Autoridade Portuaria, limite concellos de Vilaboa e Moaña), por Curbeiro, (Pedra da Espiga).

Substituír Punta Arao, que figura na proposta da Autoridade Portuaria, por Punta do Castelo.

Substituír, Punta de Río Seco, que figura na proposta da Autoridade Portuaria, por (Sobreira)

Substituír, Playa de Fandon, que figura na proposta da Autoridade Portuaria, por (Areal do Porto).

Ao longo da documentación do DUEP, aparecen infinidade de topónimos deturpados e ó mesmo tempo escritos correctamente o que denota unha absoluta falta de rigor no cumprimento da Lei 3/1983 de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia (Ex. Punta de A Guía, Domaio, Ourense, Tui etc) pero maiormente e sobretudo en planos aparecen a maioría dos deturpados polo que solicitamos introducir as correccións que de seguido enumeramos así como facer unha revisión total dos textos para a adaptación destes á Normativa vixente:

Orillamar (Beiramar). Playa de Santa Baya (areal de Santa Baia). La Guía (A Guía). Plaza de la Estrella (Praza da Estrela). Túnel de Las Avenidas (Das Avenidas). El Berbés (O Berbés). Zona del Arenal (do Areal). Orense (Ourense). cabo Vicos (Bicos). San Martín de las Cies (San Martiño das Cies). *Playa de Matadero (non atopamos a súa ubicación na Ría anque supoñemos que se refire a unha das praias do antigo matadoiro de Vigo, que serían areal da Mourisca ou areal do Muíño)*. La Lagoa (A Lagoa). *Punta de San Adrián (punta do Aradoiro)*. Domaio (Domaio). Tuy (Tui). Valle Miñor (Val Miñor). La Coruña y El Ferrol (A Coruña e O Ferrol). Río Verdugo (río Verduxo). Punta del Molino (punta do Muíño). Dársena de la Lage (dársena de A Laxe). Dique de Coya (dique de Coia). Zona de Orillamar (zona de Beiramar).

Páx. 58: “As liñas do camiño de ferro que enlazan o Porto de Vigo co resto da península son:

Vigo-Orense (Vigo-Ourense). Vigo-Pontevedra-Santiago-La Coruña (Vigo-Pontevedra-Santiago-A Coruña). Vigo-Tuy-Portugal” (Vigo-Tui-Portugal).
Corredor del Morrazo (Corredor do Morrazo). Oleoducto Vigo-La Coruña (Vigo- A Coruña). El Con (O Con).”

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O RESCATE, SOLUCIÓN DAS PREFERENTES, ATENCIÓN AO PÚBLICO E MANTEMENTO DO EMPREGO EN NOVAGALICIA BANCO E COMISIÓNS DE INVESTIGACIÓN.

A Sra. Martínez, Concelleira do BNG, afirma que presentan a moción para analizar o estado no que se atopa o sistema financeiro galego. Co rescate ao Estado español por importe de cen mil millóns de euros, ao final ao que se van rescatar son os bancos que serán os únicos beneficiarios da operación. Quen vai pagar a factura con xuros e novos recortes seremos os cidadáns, co deterioro da nosa calidade de vida xa que o rescate esixirá condicións que afectarán dramaticamente ao noso benestar social como aconteceu cos anteriores rescates dentro da Unión Europea. Máis recesión, máis paro e máis desigualdades sociais. O rescate non vai ser ningún regalo, como daba a entender Mariano Rajoy, senón un préstamo que vai glosar a débeda pública, con máis dificultades para devolvela. É unha intervención, aínda que o Goberno non o recoñeza. Os cartos imos pagalos todos nós con recortes de dereitos e desmantelamento dos servizos públicos. Vemos xa exemplos, coma a suba da luz, do IBI, suba de produtos de primeira necesidade, medicamentos, vivenda protexida... do 4 ou 8% a un 18%. O Goberno Español non ten lexitimidade democrática para adoptar a decisión de solicitar o rescate, ninguén os votou para facer iso. Precísase un debate social e profundo sobre o rescate e as súas terribles consecuencias. Unha decisión trascendental para o noso futuro polo que a propia sociedade é a que debe decidir sobre a súa conveniencia. Non podemos quedar parados, cambiará nosa historia, a vida vai xirar e non para ben. Solicitamos que se convoque de inmediato un referendo que permita a cidadanía pronunciarse sobre o rescate. Será dobremente negativo para Galiza, non solo vai castigar ás maiorías sociais senón que tamén vai destruír o sistema financeiro galego. A Unión Europea condiciona o rescate a unha nova rolda de fusións no sistema financeiro, que probablemente se traducirá na absorción de Novagalicia Banco por parte de bancos privados de maior dimensión e sen vinculación con Galiza. Expoñemos a necesidade de unha banca pública como elemento imprescindible para asegurar o crédito que o tecido produtivo e social precisa. Non podemos avalar un proxecto que suporía a definitiva expatriación do aforro galego depositado en Novagalicia Banco. Demandamos que Novagalicia Banco se converta nun banco público galego, coa transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB ostenta na actualidade no seu capital, é dicir, dos fondos públicos que mantén a entidade. Contra a crenza que fomentan creadores de opinión e o Presidente da Xunta, a banca pública é un instrumento plenamente vixente que existe nunha grande variedade de países, como por exemplo en trinta e dous países europeos, como Alemaña, ou nos Estados Unidos. Desempeñan un papel fundamental en favor do desenvolvemento e da estabilidade económica dos mesmos. Onde existe banca pública existe un forte tecido industrial. É necesario un cambio de rumbo urxente. O actual modelo da UE e as políticas do PP

consistentes en inxectar cartos á banca privada provocan que as condicións consigan integrando. O rescate pon en risco milleiros de postos de traballo das entidades financeiras debido as condicións impostas polo citado rescate dos bancos do Estado. A enorme desfeita que provocou o rescate ten culpables con nomes e apelidos. Deben depurarse responsabilidades. Que se constitúan as comisións de investigación que o BNG ven demandando no Congreso e no Parlamento Galego Por último, e ligado tamén ás prácticas fraudulentas do sistema financeiro, miles de clientes galegos de entidades bancarias, aconsellados polos directores de oficinas, investiron os seus aforros en instrumentos financeiros complexos e opacos, as preferentes. En contra do que naquel momento se lles indicou, estes aforradores e aforradoras vense agora na imposibilidade de recuperar os cartos investidos. Queremos que se rescate ás miles de persoas afectadas pola estafa das preferentes, Con esta moción demandamos unha solución para eles, que non pode ser outra que a restitución ata o último céntimo de todos os seus aforros. Se hai cen mil millóns de euros para rescatar á banca debe haber capacidade económica de abondo para devolver o estafado ás vítimas desta xigantesca fraude. Por iso o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.
2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.
3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.
4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.
5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.
6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que a moción presenta ao mellor demasiados asuntos, patas que tocan, que dispersan o problema central. O podemos resumir nunha frase que fago miña: Estabamos mal pero estamos peor, dentro de pouco igual nin estamos. Viñamos de unha situación mala e cómo estamos agora. En calquera caso, estes lodos veñen de outros polvos. Fíxose neste país unha fusión animada, despois saberemos quen a impulsou. A Xunta de Galicia, despois de que o Fiscal empapelara aos que se levaron a pasta, antes de que entrase o FROB na entidade, creou unha Comisión de Investigación, igual sabemos que a impulsou. Unha fusión onde aparentemente unha entidade acabou por contaminar o pouco bo que tiña a outra. Creo que público xa é o banco, o 100% do capital é do FROB. Ademais, cada un de nós vai ser avalista do préstamo que dende Europa nos van conceder non sei para qué, parece que van intentar salvar ás entidades. Salvando a cuestión da cantidade de patas que toca, imos apoiar a moción, xustificando na referencia que fai ao asqueroso asunto das preferentes. Solo espero que os culpables da situación pola que pasan

unha gran cantidade de familias vaian ao cárcere despois de devolver toda pasta que estafaron aos clientes.

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Facenda, sinala que o primeiro que debemos facer é plantexar o significado do que é un rescate. O rescate é unha axuda financeira do estado a cambio de unha serie de imposición de medidas políticas. No caso que nos ocupa, trátase de un crédito dirixido ás entidades bancarias que o soliciten e polo tanto, serán estas quen asuma as condicións, non o Estado. O Ministerio de Economía e o Banco de España encargron un informe sobre o sistema financeiro español do cal se deduce: Primeiro, que o 70% do sistema financeiro español está saneado e é forte. Segundo, que as necesidades son a cuarta parte do límite garantido polo Eurogrupo. Por último, que os españois teñen os seus aforros garantidos e a seguridade de que as axudas ás entidades bancarias con problemas non revertirán nos seus impostos. Vostedes piden con esta moción un referendo, que o único que conseguiría sería retrasar a solución e agravar os problemas económicos e a taxa de paro. Estiveron oito anos apoiando as políticas do Sr. Zapatero que nos levaron a onde estamos e con esta moción queren seguir a retrasar e poñendo en serio perigo os aforros de todos os veciños. Respecto da actuación que demandan do Goberno Galego sobre as participacións preferentes, este asunto xa foi debatido aquí en Pleno e foi aprobado un texto por unanimidade das tres forzas políticas no Parlamento de Galicia o pasado 8 de xuño. O texto aprobado no Parlamento di: *“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a: 1º.-Promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do seu homólogo español unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas polo fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos. 2ª Promover e continuar demandando das autoridades competentes, e nomeadamente do departamento de Competencia da Comisión da Unión Europea, unha solución satisfactoria para as miles de persoas afectadas polo fraude das participacións preferentes que teña en conta a existencia de malas prácticas e comercialización indebida polas entidades financeiras que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.”* O PP non cambia a súa postura, segue na liña da votación do 8 de xuño, mentres que o BNG emprega un tema delicado e con alto número de persoas afectadas para intoxicar e facer oposición confundindo e enganado ás persoas de boa fe. Debo destacar a profunda implicación do Goberno da Xunta neste asunto, os feitos así o din: O Presidente da Xunta, acompañado do Conselleiro de Economía e Industria se reuniron en diferentes ocasións cos afectados. O Instituto Galego de Consumo estebeleceu unha guía e un procedemento específico para asesorar e tramitar as diversas reclamacións dos veciños e habilitou puntos específicos de asesoramento, por exemplo, aquí no Morrazo creouse un punto de asesoramento. A Xunta mantivo reunións con autoridades competentes, Banco de España, Comisión Nacional do Mercado de Valores, Fiscalía, Directora de Mercados e Servizos Financeiros, ca única finalidade de buscar unha solución a este problema. A Xunta tamén se encargou dende febreiro de remitir as reclamacións que chegaron ao Instituto Galego de Consumo á Fiscalía do TSX que serve como base para a preparación de unha demanda colectiva. O Partido Popular non está en contra de crear unha comisión de investigación, pero deben marcarse as prioridades nun tema tan importante e o primeiro que se debe facer é canalizar o futuro de Novagalicia. Ao PP o que máis lle importa é o futuro dos aforros de miles de galegos e galegas. Dicir que a xestión das caixas no pasado puido ser mellorable, pero estamos convencidos de que este é o momento da unidade e da responsabilidade. Polo tanto, atendendo aos puntos da moción, solicitamos a retirada dos puntos un e dous da moción, por non ter razón de ser e por considerar que entorpecerán a

solución. En referencia aos puntos tres, catro e cinco, solicitamos unha emenda aos mesmos da seguinte forma: Punto tres: Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que teñan en conta a existencia de malas prácticas e comercialización indebida polas entidades financeiras que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos (tal e coma se recolle no texto aprobado no Parlamento de Galicia por unanimidade). Punto catro: Demandar a NGB que garanta os postos de traballo (non se debe demandar á Xunta que manteña os postos de traballo senón á entidade). Punto cinco: Unha vez rematado o proceso de recapitalización, demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.

A Sra. Martínez afirma que como di o Sr. Concelleiro o rescate conleva unha serie de imposicións. Hoxe mesmo, Angela Merkel contradí a Rajoy dicindo que o préstamo non é un préstamo aos bancos, é un préstamo ao Estado. Aparece tamén hoxe nos medios que os próximos seis meses a taxa de paro vaise disparar, así como a recesión. Preguntaba o Concelleiro para qué serve o referendun. O referendun busca acadar transparencia e democracia. No tema das preferentes non hai, de momento, solucións satisfactorias, por iso nós o incluimos na moción. Logo de dúas ocasións de negarse Feijóo a constituír no Parlamento de Galiza a comisión de investigación parece que agora vaise facer, en nullo. Non imos retirar ningún punto da nosa moción.

O Sr. Pastoriza afirma que aínda que non lle corresponde a el defender esta moción, é unha cuestión que lle preocupa ao seu Grupo e o ten persoalmente indignado convén que o Sr. Concelleiro de Facenda actualice o argumentario. O Sr. Feijóo, unha vez que o Sr. Fiscal chamou a casa aos fenómenos das caixas que se levaron a pasta o día antes que o FROB entrara no banco, veñan vostedes para acá e dean contas, igual acaban todos no cárcere. Os cidadáns deste país van avalar persolamente o préstamo de Merkel ao país para que o meta nos bancos. Se os bancos, máis ben as caixas, non devolven, temos que devolvelos nós, logo de ver cómo se levaron os xestores das caixas os cartos para a casa. Cando gañan, gañan eles e cando perden perdemos todos. Indígname. Primeiro, imos avalar todos o préstamo que da Europa ás caixas e, segundo, unha vez que o Sr. Fiscal chamou ao orde aos fenómenos a semana pasada, o Sr. Feijóo acordou a comisión para mañá. Imos apoiar a moción.

Non se suscitan outras intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do BNG sobre o rescate, solución das preferentes, atención ao público e mantemento do emprego en Novagalicia Banco e comisións de investigación, quedando aprobada por nove votos a favor, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE e oito abstencións, dos Concelleiros do PP, co seguinte texto e acordos:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE O SISTEMA FINANCEIRO GALEGO (BANCA PÚBLICA GALEGA, REFERENDO SOBRE O RESCATE, SOLUCIÓN DAS PREFERENTES, ATENCIÓN AO PÚBLICO E MANTEMENTO DO EMPREGO EN NOVAGALICIA BANCO E COMISIÓNS DE INVESTIGACIÓN).

O rescate ao Estado español por valor de 100.000 millóns de euros vai ter un beneficiario –a banca privada, que poderá pagar as súas débedas e sanear os seus balances- é unha vítima

ben evidente –as maiorías sociais e os pobos, a comezar por Galiza- que somos os paganos da operación e os que teremos que pagar a factura en forma de novos recortes, máis desemprego e do deterioro da nosa calidade de vida, xa que o rescate contará con condicións que afectarán dramáticamente o benestar social, tal e como aconteceu nos anteriores rescates no ámbito da UE: Grecia, Portugal e Irlanda. Isto é, máis recesión, máis paro e máis desigualdades sociais.

O Goberno español non ten lexitimidade democrática para adoptar a decisión de solicitar o rescate, xa que ninguén o votou para facer iso. É necesario un debate social moi profundo sobre o rescate e as súas terribes consecuencias para as maiorías. O rescate financeiro previsto é unha decisión trascendental para o noso futuro, polo que debe ser a sociedade a que decidira a súa conveniencia. É preciso, polo tanto, a convocatoria dun referendo sobre o rescate.

O rescate é duplamente negativo para Galiza porque non só vai castigar as súas maiorías sociais, senón porque destruírá o sistema financeiro galego. A Unión Europea condiciona o rescate a unha nova rolda de fusións no sistema financeiro, que probabelmente se traducirá na absorción de Novagalicia Banco (NGB) por parte de bancos privados de maior dimensión e sen vinculación con Galiza. O BNG sempre defendeu a necesidade dunha banca pública como instrumento imprescindible para asegurar o crédito que o tecido produtivo e social precisa. Porén, non podemos avala un proxecto que suporía a definitiva expatriación do aforro galego depositado en NGB. Máis outra volta, o noso aforro serviría para desenvolver outros territorios. Galiza ficaría sen capacidade de decisión ningunha sobre unha entidade que xestiona o 40% do negocio financeiro do noso país.

Galiza ten dereito a preservar un sistema financeiro propio. Así, demandamos que NGB, se converta nun banco público galego, coa transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB ostenta na actualidade no capital de NGB. O impulso a unha banca pública galega é unha ferramenta que permitirá avanzar na soberanía financeira de Galiza, en tanto que dota aos galegos e galegas dun instrumento para orientar os nosos aforros e investimentos.

Ademais, en contra da crenza fomentada por determinados creadores de opinión e do propio Presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo, a banca pública é un instrumento plenamente vixente, que existe nunha grande variedade de países, como en 32 países europeos ou nos Estados Unidos, e vén desempeñando un papel fundamental en favor do desenvolvemento e da estabilidade económica dos mesmos. Da análise das diferentes experiencias de banca pública, conséntase o seu impacto positivo sobre a economía e os sectores produtivos. Alí onde banca pública existe unha forte tecido industrial, mentres que son excepcionais os casos onde existe unha forte presenza do sector industrial sen o apoio dunha banca pública.

O rescate pon ademais en risco os postos de traballo de milleiros de persoas nas entidades financeiras, debido ás condicións impostas para o citado rescate aos bancos do Estado español. Nomeadamente, é necesario demandar do presidente da Xunta que actúe e non tolere máis despedimentos en Novagalicia Banco, que tamén suporían unha merma na

atención aos clientes da entidade e a desaparición de múltiples sucursais que atenden sobre todo no mundo rural.

A enorme desfeita que provocou o rescate ten culpábeis con nomes e apelidos. É preciso depurar as súas responsabilidades, e xa que logo, que se constitúan as comisións de investigación que o BNG leva pedido no Congreso e no Parlamento Galego. Trátase de unha estafa xigantesca, que se está levando por diante o traballo e o benestar social de millóns de persoas. Esta estafa debe ser investigada, xulgada e penada polos tribunais de xustiza.

Por último, e ligado tamén ás prácticas fraudulentas do sistema financeiro, miles de clientes galegos de entidades bancarias, aconsellados polos directores das oficinas, investiron os seus aforros en instrumentos financeiros complexos e opacos, nomeadamente en preferentes. En contra do que naquel momento se lles indicou, estes aforradores e aforradoras vense agora na imposibilidade de recuperar os cartos investidos en tanto os instrumentos non sexan vendidos no mercado de activos financeiros, a un prezo que, caso de haber compradores, será inferior ao seu valor nominal.

Tal é o caso de miles de clientes de NGB que no seu momento adquiriron participacións preferentes, sen que por parte da entidade se cumprise coas obrigas establecidas na normativa MIDIF de protección dos consumidores e consumidoras de produtos financeiros, que no caso dos clientes minoristas se concretan na realización de tests personalizados de conveniencia e de idoneidade antes da contratación de calquera produto financeiro co fin de asegurar que este responde ás necesidades e ás características do cliente. Así, é preciso demandar das institucións públicas responsábeis unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes, de xeito que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.**
- 2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.**
- 4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.**
- 5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.**

6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.”

6º.-ROGOS E PREGUNTAS.

Non se suscitan intervencións.

O Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vinte horas e corenta e oito minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE
O ALCALDE**

O SECRETARIO